

Orquestra Vigo 430

Foi creada no ano 2005, partindo coa premisa de crear un núcleo de corda de calidade para, xa a partir de 2008, abordar progresivamente o repertorio sinfónico. A orquestra está formada na súa maioría por músicos profesionais, e complétase con moitos dos máis brillantes expoñentes da canteira musical do noso país, que cursan os seus últimos anos de carreira previos á súa incorporación ao mundo profesional. A orquestra considerou este aspecto como un trazo significativo da evolución e do grao de consolidación da música orquestral profesional da nosa sociedade, por canto demostra que é perfectamente posible conseguir un alto nivel de calidade con profesionais da propia terra, formados no noso sistema; contando ademais con músicos foráneos que, con carácter de invitados e pola súa excepcional calidade, enriquecen o seu labor formativo, creativo e divulgador.

Na actualidade o seu elenco vai, segundo o repertorio que se vai interpretar, desde os 17 músicos da pequena orquestra de cámara necesaria para abordar o repertorio barroco, ata os 50 que compón a formación sinfónica. A orquestra ten como director artístico a Javier Escobar e como director musical a Alejandro Garrido, un dos máis relevantes músicos novos do noso país.

No período que vai desde a súa creación ata hoxe en día, a Orquestra Vigo 430 foi recoñecida pola prensa e o público polo seu rigor e audacia na interpretación, así como pola súa frescura e vitalidade no escenario. Os seus programas de concerto reúnen música de diferentes épocas, autores e estilos, destacando o seu achegamento á música do século XVIII e XIX con criterios historicamente informados.

Como mostra de todo este traballo, pódese atopar no mercado o primeiro disco da orquestra, así como numerosos vídeos en Youtube ou Vimeo de diversos concertos, os cales dan mostra do nivel de excelencia conseguido grazas ao traballo realizado neste tempo. A crecente fama da orquestra fai que sexa cada vez máis requirida para proxectos discográficos.

ORQUESTRA 430
VIGO

CONCELLO
DE VIGO



MOZART

Violin I: Nicolas Ortiz
Violin II: Mario Peris
Viola I: Alejandro Garrido
Viola II: Javier Escobar
Violoncello: Isabel Figueroa

BRAHMS

Violin I: Marcos Escobar
Viola: David López
Violoncello: Belén Fernández
Piano: Berta Fresco

POULENC

Aíras ensemble:
Flauta: Julia Estévez
Oboe: Roberto Baltar
Clarinete: Beatriz López
Fagot: Santiago López
Trompa: Alfredo Varela
Piano: Haruna Takebe

PROGRAMA SINFÓNICO DE OUTONO

Temporada 2012 - 2013

PROGRAMA

Wolfgang Amadeus MOZART (1756-1791)
Quinteto N°3 en Sol menor, K.516

- Allegro
- Minuetto (Allegretto)
- Adagio ma non troppo
- Adagio -Allegro

Johannes BRAHMS (1833-1897)
Cuarteto N°1 en Sol menor, Op.25

- Allegro
- Intermezzo (Allegro ma non troppo)
- Andante con moto
- Rondo alla zingarese (Presto)

Francis POULENC (1899-1963)
Sexteto Op.100

- Allegro vivace
- Divertimento
- Finale

VG 809-2012

ORQUESTRA 430
VIGO

Tres Séculos de Música de Cámara

Mozart
Quinteto para corda KV.516

Brahms
Cuarteto con piano Op.25

Poulenc
Sexteto para vento e piano
Aíras Ensemble

28 novembro
20:30 h

Auditorio Martín Codax

Conservatorio Superior de Música
de Vigo • Rúa Manuel Olivé 23



Notas ao programa

Para o concerto desta noite escolleuse un programa que dese unha visión da música de cámara dende o S. XVIII ao XX buscando algunhas das composicións máis representativas de cada unha das épocas. O resultado é un programa con obras de Mozart, Brahms, e Poulenc. Pero ¿porqué estes autores e porqué estas obras? ¡Vexámolo!

O concerto desta noite ábrese no S. XVIII cun dos quintetos para corda de Mozart, o número 3 en sol menor. O grupo de obras de Wolfgang Amadeus Mozart (Salzburgo, xaneiro de 1756 - Viena, decembro de 1791) que adoitan o sol menor como tonalidade principal están ata tal punto cargadas de significación trágica que esta tonalidade está para sempre asociada no noso espírito ao autor de Don Giovanni. Sen embargo, estas partituras son soamente catro. Unha delas poderemos escoitala tamén nesta temporada 2012-2013 no mes de xaneiro, a famosísima Sinfonía nº 40. Outra é o quinteto en do menor que escoitaremos esta noite. Ao compoñer este quinteto, Mozart parece preso da febril angustia e desesperanza da idea da morte que non tardaría moito tempo en chegarlle (o quinteto foi rematado en 1787). Non parece de todos modos, que fose inspirado pola morte dos eu pai, Leopoldo, acaecida pouco antes: a alegría un pouco artificial e errada do allegro final sería bastante incongruente como colofón dunha homenaxe fúnebre. Mozart procede ademais de forma estraña ao colocar o minueto na segunda posición. Co fin de retrasar ao máximo o desenlace, incluso comeza o último movemento cun patético Adagio, co cal sucédense dous movementos lentos, caso único en toda a música instrumental clásica. O seu controvertido allegro final, cun sorprendente modo maior, parece expresa a vontade do compositor de sobrepoñerse conscientemente á angustia e á desolación, ou expresado doutro modo, un intento de facer unha alegoría do triunfo da vontade humana sobre a fatalidade do destino. O programa proseguirá no S. XIX coa música de Brahms. O

compositor e pianista Johannes Brahms (Hamburgo, maio de 1833 – Viena, abril de 1897) foi sempre o máis clásico do compositores románticos, manténdose sempre fiel ao seu estilo –o que fixo que fose etiquetado polos seus adversarios como conservador- influenciado por Mozart, Haydn e en especial Beethoven, ao cal profesaba tal respecto que influíu decisivamente no ritmo e volume das súas composicións.

Brahms era considerado o maior representante do círculo conservador na denominada “Guerra dos Románticos”. Os seus opoñentes, os progresistas radicais de Weimar, estaban representados por Liszt, os membros da posteriormente chamada Nova Escola Alemá, e por Richard Wagner.

A pesar da beleza da súa música sinfónica e coral, foi ao piano, á voz e máis aínda ás formacións de cámara – todos eles prototipos de intimismo- aos que Brahms confiou a súa máis alta inspiración.

Dos tres cuartetos con piano que compuxo, dous deles foron escritos case de forma simultánea, na súa xuventude (non tiña aínda os 30 anos), e o terceiro ao redor de vinte anos máis tarde (Op. 60). O seu cuarteto Op. 25 foi longamente traballando ao longo do 1861 (é probable que a súa composición comezase no 1860) en Hamm, cerca de Hamburgo, e rematado en todo caso a finais do mes de setembro, cando Brahms enviou copia ao seu gran amigo e violinista Joachim, voluntario crítico das obras do compositor, e a quen polo que sabemos non lle gustou en demasía a forma libre do Allegro inicial, aínda que si lle entusiasmou o seu Finale Alla Zingarese. A partitura foi estreada pouco despois da súa conclusión, en Hamburgo, o 16 de novembro de 1861, con nada menos que Clara Schumann ao piano.

Rematamos este percorrido no S. XX coa música de Poulenc. Nacido en París en xaneiro de 1899 e morto na mesma cidade e no mesmo mes do ano 1963, Francis Poulenc foi un compositor francés membro do célebre grupo “Les Six”, ao que tamén pertenceron Milhaud, Auric, Durey, Honegger e Tailleferre. Tivo tamén un gran vínculo con Erik Satie (cuxo carácter excéntrico exerceu sobre o gran influencia) e Jean

Cocteau. Asumiu as técnicas do movemento Dadá, creando melodías que desafiaron no seu momento o que se consideraba apropiado para as salas de música parisiñas. Compuxo música en tódolos grandes xéneros, entre eles a canción de arte, a música de cámara, o oratorio, a ópera, a música de ballet, e a música orquestral. O crítico Claude Rostand, en xullo de 1950, acuñou nun artigo do Paris-Presse, a frase que describe a Poulenc como “metade herexe, metade monxe” (“Le moine et le voyou”), pola súa capacidade para escribir a peza máis intranscendente ao mesmo tempo que a obra relixiosa máis grave, unha etiqueta que o acompañaría en toda a súa carreira.

Esbozado en 1932, o sexteto para piano e quinteto de vento foi rematado nos anos 39-40. Trátase dunha obra alegre e enormemente variada, que permite aos cinco instrumentos de vento presentarse da maneira máis perfecta e expresiva. Un primeiro movemento, Allegro Vivace, moi brillante, e un Divertimento lente e poético preceden a un Finale moi rápido en forma de rondó, con algunhas reminiscencias de motivos do allegro inicial.

O concerto desta noite será interpretado por diferentes membros da Orquestra Vigo 430 a través das súas diferentes agrupacións de cámara.

Polenc. Airas ensemble

Julia Estévez, Frauta (Vigo) É profesora no Conservatorio profesional de música de Vigo e frauta solista na Orquestra Vigo 430.

Roberto Baltar, Óboe (Vigo) é óboe solista na NDR Radiophilharmonie Hannover.

Beatriz López, Clarinete (Jérica, Castellón) é clarinete solista da Real Filharmonía de Galicia e profesora de clarinete da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia.

Manuel Veiga, Fagot (A Coruña) Fagot copríncipal na Real Filharmonía de Galicia

Alfredo Varela, Trompa (Lalín) é membro do European Chamber Players e trompa principal da Real Filharmonía de Galicia.

Haruna Takebe, Piano (Kagawa, Japón) é Pianista da Escola de Altos Estudos Musicais de Santiago de Compostela.

Brahms.

Marcos Escobar, Violín (Vigo) Profesor de violín no Conservatorio Profesional de Vigo. É un dos concertinos habituais da Orquestra Vigo 430

David López, Viola (Vigo) Viola principal da Orquestra Vigo 430.

Belén Fernández, Violoncello (Bilbao) Membro do “Ensemble Kuraia” e colaboradora habitual da Orquestra Sinfónica de Bilbao, Orquestra Sinfónica de Euskadi e Orquestra Sinfónica de Extremadura

Berta Fresco, Piano (Getxo, Vizcaya). Profesora de piano no Conservatorio Profesional de Vigo, membro do “Ensemble Kuraia”

Nicolas Ortiz, Violín (Grenoble, Francia). É un dos concertinos habituais da Orquestra Vigo 430

Mario Peris, Violín (Tavernes de la Valdigna, Valencia). Profesor de Violín no Conservatorio Superior de música de Vigo. É un dos concertinos habituais da Orquestra Vigo 430

Alejandro Garrido, Viola (Sevilla) Director musical da Orquestra Vigo 430, membro da Orquestra BandArt e colaborador habitual da Orquestra de Cadaqués

Javier Escobar, Viola (Vigo) Director artístico da Orquestra Vigo 430, Profesor de Viola no Conservatorio Profesional de Vigo

Isabel Figueroa, Violoncello (Vigo) Profesora de Violoncello no Conservatorio Profesional de Vigo e Violoncello principal da Orquestra Vigo 430